



Nº Expediente: 2016/C003/000005

Asunto: Contratación de MODIFICADO DE ACONDICIONAMENTO DA ÁREA RECREATIVA EN A MAGDALENA

MESA DE CONTRATACIÓN (1)

ACTA DE APERTURA DOS SOBRES “A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA”, E SI PROCEDE, APERTURA DOS SOBRES “B: REFERENCIAS TÉCNICAS” PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO DO SEGUINTE CONTRATO :

Obra: **MODIFICADO DE ACONDICIONAMENTO DA ÁREA RECREATIVA EN A MAGDALENA**
Importe de licitación: **41.313,76 € e 8.675,89 € de IVE (total: 49.989,65 € IVE incluído)**

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Don José Camilo Casal García, concelleiro

Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal

Dona Ana Velo Ruíz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

Non asiste dona María José Rodríguez Pérez, concelleira.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 10:30 horas do martes 20 de setembro de 2016, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á apertura dos sobres A: Documentación administrativa, e si procede, apertura dos sobres B: Referencias técnicas, no procedemento para adxudicar a obra anteriormente citada.

Segundo se desprende da busca efectuada no sistema informático de rexistro xeral de entrada e saída de documentos, presentáronse para tomar parte na licitación da “MODIFICADO DE ACONDICIONAMENTO DA ÁREA RECREATIVA EN A MAGDALENA”, as seguintes empresas:

EMPRESA	DATA PRESENTACIÓN OFERTA (e, no seu caso, do envío de fax)	Nº REXISTRO (sobres e/ou fax)	SOBRES (e, no seu caso, envío de fax)
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS S.L.	16/09/16	6297	Sobres A, B e C
GALOPÍN PLAYGROUNDS S.L.	17/09/16	6328	Sobres A, B e C



A continuación, A Mesa procede á calificación previa dos documentos presentados en tempo e forma; para o cal o Presidente ordena a apertura dos sobres **A**, que fan referencia á "Documentación administrativa ", resultando o seguinte:

- A documentación presentada é correcta.

A continuación o Sr. Presidente ordena a apertura dos sobres "**B**" (Referencias técnicas) das empresas participantes na licitación.

A Mesa acorda:

1º.- Solicitar un informe técnico de valoración das referencias técnicas contidas nos sobres "B".

2º.- Reunirse de novo o vindeiro día **27 de setembro de 2016, ás 10:00 horas**, para comprobar a valoración técnica e continuar coa apertura dos sobres "C", na data que se publicará na web do Concello de Cedeira coa debida antelación.

3º.- Publicar a presente acta na páxina web do Concello de Cedeira.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 11:00 h. do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.